

Víctor Sierra

(A Estrada, 1976). Cursei estudos de Xornalismo na USC e de Produción Audiovisual na EIS. De desastroso xornalista, convertínme en mediocre produtor e, empuxado polo medo á indixencia, acabei escribindo guións para series de televisión.

Participei na creación e desenvolvemento das series *Padre Casares*, *Matalobos*, *Serramoura*, *Piratas*, *Quart*, *El Final del Camino*, *Maridos e Mulleres* e *Viradeira*. En todas elas traballei ademais como argumentista e dialoguista.

Compartín a faceta de editor de guións con Carlos Portela nas primeiras tempadas de *Matalobos*; con Lidia Fraga nas últimas de *Pazo de Familia* e con Xosé Morais e Alberto Guntín en *Viradeira*, proxecto no que levamos ademais a produción executiva.

No ámbito institucional, formo parte do Consello Territorial de Sgae en Galicia, representado, xunto a Puri Seixido, ó Colexio Audiovisual.

Tamén son profe na EIS –IES Imaxe e Son- e imparto un par de clases sobre *Creación de biblias* e sobre *O analista de guión* no MPXA da Universidade da Coruña.